

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas provisionais para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2024/25 correspondentes ao corpo de mestres.

A Resolución do 2 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (DOG n.º89, do 10 de maio), establece, no seu apartado cuarto, a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso dos procedementos selectivos de ingreso ao corpo de mestres, convocados pola Orde do 31 de xaneiro de 2024 (DOG n.º32, do 14 de febreiro), procede actualizar a lista de interinidades e substitucións correspondentes ás especialidades de Educación infantil (597031), Lingua estranxeira-inglés (597032), Lingua estranxeira francés (597033), Educación física (597034), Música (597035), Pedqagoxía terapéutica (597036), Audición e linguaxe (597037) e Educación Primaria (597038) nos termos que establece a base vixésimo quinta da citada convocatoria.

Con base no que establece no apartado cuarto do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 e a base vixésimo quinta da citada Orde do 31 de xaneiro de 2024,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar e publicar na páxina web <https://www.edu.xunta.gal/substitutoslistas/> as listas provisionais para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2024/25 correspondente ao corpo de mestres, agás Orientación (597039), das persoas con dereito a incorporación á correspondente lista.

Xunto coas listas ordenadas das novas incorporacións publicaranse, para os meros efectos informativos, as listas completas por especialidade.

Segundo. Aprobar e publicar no portal de Internet desta consellería, www.edu.xunta.gal, no Anexo I a relación provisoria de persoas excluídas das listas correspondente ás especialidades de Educación infantil (597031), Lingua estranxeira-inglés (597032), Lingua estranxeira francés (597033), Educación física (597034), Música (597035). Pedqagoxía terapéutica (597036), Audición e linguaxe (597037) e Educación Primaria (597038) do corpo de mestres, polas causas que en cada caso se indica.





Terceiro. As persoas participantes nos procedementos selectivos convocados pola Orde do 31 de xaneiro de 2024 con dereito a incorporación na correspondente lista poderán formular alegacións á lista provisional ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), utilizando o procedemento ED001A, opción "Alegacións" da solicitude no corpo e especialidade correspondente, no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal de Internet da Consellería de Educación, Ciencia Universidades e Formación Profesional.

Cuarto. Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación da lista definitiva, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela,

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

